



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (Gain), a través dos Centros de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira (CIS-Madeira) e do Deseño e a Tecnoloxía (CIS-Galicia), xunto coa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, lanzan o **proxecto FUTUREfacing**, deseñado en base ás **demandas do sector** e aliñado coas necesidades da industria da madeira. Trátase dun **partenariado estratéxico** para a innovación educativa con 6 socios de 4 países europeos, que ten por obxectivo a **transferencia de coñecemento** e a promoción da innovación no produto final da industria da madeira.

O proxecto permitirá **compartir, desenvolver e transferir prácticas innovadoras en educación e formación para a industria da madeira**, traballando con profesionais semellantes doutros países para innovar e modernizar a formación e a capacitación, para que xoves e adultos obteñan as habilidades que demanda a industria do futuro.

Para presentar o proxecto ao sector e ao público en xeral, celebrarase o **8 de febreiro** en Santiago de Compostela a xornada **“Acabados e revestimentos do moble: da fabricación tradicional á industria 4.0”**, dirixida a empresas, profesionais e estudantes do sector da madeira e o moble, así como prescriptores. Nela amosaranse as tendencias actuais e innovacións en acabados e revestimentos a nivel europeo. Podes consultar o programa e inscribirte na seguinte **ligazón**. A data límite de inscrición é o xoves 2 de febreiro.

Os **acabados e revestimentos** constitúen un elemento esencial no deseño e produción de mobiliario. Determinan tanto a estética como as prestacións funcionais, e están suxeitos a lexislacións cada vez máis restritivas en temas de saúde, seguridade no traballo e o medio ambiente. A fabricación tradicional está evolucionando incorporando nanotecnoloxía, secado UV ou propiedades antibacterianas, entre outras.

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.